



# PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN DA DOCENCIA DE GRAO DA FACULTADE DE CC. EMPRESARIAIS E TURISMO DE OURENSE

(aprobado por Comisión Permanente o 26 do outubro de 2010)

## Introdución

A implantación das novas titulacións no marco do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) supón, entre outras tarefas, a coordinación docente. Concretamente, para o caso da docencia dos graos no seo da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense (FCETOU), o desempeño destas tarefas é competencia e responsabilidade das respectivas Comisións de Implantación dos Graos e do Coordinador/a de cada Titulación, tal e como queda recollido no Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da FCETOU.

Para levar a cabo esta función de coordinación, nas memorias de verificación presentadas para os distintos Graos, especificase que tanto o **Coordinador/a do Grao** como a Comisión de Implantación velarán porque a oferta docente, os horarios e as actividades a realizar permitan aos estudantes conseguir os obxectivos da titulación. Este labor realizarase coa colaboración dos/as **Coordinadores/as de curso** e os/as **Coordinadores/as de materias** e cunha ferramenta de partida como son as guías docentes nas que se recolle unha declaración explícita dos obxectivos, métodos docentes e sistemas de avaliación de todas as materias.

Asemade, a FCETOU implantará no curso 2010-11 un Plano de Acción Titorial, que busca orientar e apoiar aos seus estudantes no desenvolvemento académico. En concreto, preténdese facilitar a integración académica do estudantado no contexto universitario, orientalos académicamente na escolla de materias optativas, e informalos sobre as opcións de inserción laboral e formación continua.

Coa finalidade de que este labor de coordinación da docencia se realice da maneira máis eficaz posible e seguindo o establecido no Sistema de Garantía Interna da Calidade da FCETOU desenvólvese un procedemento co obxectivo de delimitar e concretar as funcións asignadas aos profesores/as que vaian desempeñar ditas funcións.

### Funcións do/a Coordinador/a de Grao

Con carácter xeral, o Coordinador/a de Grao ten as seguintes funcións:

- Informar á respectiva Comisión de Implantación da FCETOU e á Comisión de Garantía Interna da Calidade (en adiante CGIC) de todas as cuestións relacionadas co desenvolvemento dos estudos do Grao do que é responsable.
- Propoñer, no seu caso, á Comisión de Implantación e á CGIC, planos de mellora dos estudos do Grao do que é responsable.

Con carácter específico, o Coordinador/a de Grao ten as seguintes funcións:

#### A) Académicas

- Programar e manter as reunións de coordinación e información que sexan precisas co profesorado, especialmente cos coordinadores de curso.
- Programar e manter as reunións de coordinación e información que sexan precisas cos coordinadores de materia, coa finalidade de revisar con eles a consecución das competencias definidas no Grao (memoria presentada para a súa verificación) ao longo dos distintos cursos e propoñer accións de mellora para o seu logro.
- Informar á Comisión de Implantación e á CGIC da consecución das competencias adquiridas no Título e propoñer accións de mellora para o seu logro.
- Revisar xunto aos coordinadores de materia se se producen solapamentos nos contidos das guías docentes das materias que compoñen o Título de Grao.
- Propor á Comisión de Implantación as accións necesarias para subsanar os solapamentos de contidos observados nas guías docentes.

- Informar á CGIC dos solapamentos producidos e as melloras propostas para que estas sexan estudadas e, no seu caso, aprobadas para a súa implantación.
- Diseñar as actividades extracurriculares anuais da titulación e coordinar as iniciativas procedentes, no seu caso, do profesorado.
- Realizar un seguimento das accións titoriais docentes (titorías de seguimento programadas) levadas a cabo na titulación.
- Participar nos actos de inauguración e clausura do curso da titulación.
- Participar nos actos de graduación do alumnado da titulación.
- Realizar todas aquelas outras actividades necesarias para a coordinación da implantación do Grao.

#### **B) Xestión**

- Coordinar a elaboración da Guía Docente da titulación.
- Elaborar un informe anual enumerando as actuacións levadas a cabo.

### **Funcións do/a Coordinador/a de Curso**

Cada curso de cada unha das Titulacións contará, anualmente, cun coordinador/a nomeado (preferentemente) entre o profesorado que imparte docencia neses cursos.

As súas funcións serán:

- Coordinar as actividades complementarias presenciais (seminarios, saídas de campo, etc.) das materias impartidas en dito curso coa finalidade de racionalizar a planificación de ditas actividades ao longo do curso.
- Coordinar as actividades de avaliación das materias impartidas en dito curso coa finalidade de distribuír homoxeneamente a fixación das probas obxectivas, tanto continuas como finais, que inclúan as guías docentes.
- Coordinar a carga global do traballo do estudante coa finalidade de equilibrar a asignación de traballos ao alumnado, permitindo así unha distribución homoxénea do traballo autónomo do estudante ao longo do curso.
- Informar ao Coordinador do Grao das accións de mellora e das demandas de formación.

Para levar a cabo este labor, o Coordinador/a de Curso realizará as reunións que estime necesarias cos profesores que imparten docencia no seu curso.

### Funcións do/a Coordinador/a da Materia

Cada materia terá un coordinador da mesma, nomeado, cada curso académico, polo Departamento correspondente. Terá as seguintes funcións:

- Coordinar a elaboración da Guía Docente da materia entre os profesores responsables da mesma para cada curso académico.
- Coordinar as actividades complementarias (seminarios, conferencias, etc.) a realizar en cada materia.
- Propor e coordinar as accións de mellora para o ensino da materia e da Guía Docente.
- Realizar un seguimento da materia para verificar o grao de cumprimento da Guía Docente en todos os cursos.
- Revisar xunto co Coordinador/a de Grao se existen solapamentos nos contidos das guías docentes das materias.

### Funcións do/a Coordinador/a do Plano de Acción Titorial

Segundo o establecido no Documento sobre Plano de Acción Titorial (PAT) da FCETOU, cada Titulación deberá ter un Coordinador do Plano de Acción Titorial que terá as seguintes funcións:

- Desenvolver a documentación relativa ao manual do Titor e fichas de entrevista.
- Comunicar (por correo electrónico) aos estudantes matriculados a información xeral sobre o funcionamento do Plano de Acción Titorial da FCETOU.
- Colaborar na asignación de profesores titores aos estudantes, en colaboración co Vicedecanato responsable da FCETOU.
- Levar a cabo reunións cos profesores titores para establecer contidos e cronograma de actividades.

- Mediar, en casos de conflito, entre profesores titores e estudantes.
- Preparar e analizar enquisas dirixidas tanto a profesores titores como a estudantes sobre efectividade e grao de satisfacción do PAT.
- Realizar un seguimento do PAT a través da participación de estudantes e titores e revisión do PAT.

### Procedemento para o nomeamento dos/as Coordinadores/as.

A) **Coordinadores/as de Grao:** serán nomeados pola Xunta de Facultade a proposta do Decanato da Facultade por un período de tres anos con opción de re-elección por un segundo período da mesma duración, entre os profesores que preferentemente teñan experiencia en xestión universitaria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser profesor/a permanente da Facultade.
- Impartir docencia no Grao.
- Non desempeñar simultaneamente outro cargo de xestión unipersoal.

O desempeño das actividades de Coordinador/a de Grao suporá unha redución da carga docente segundo o establecido pola Vicerreitoría responsable do Plano de Organización Docente (POD) e, se procede, unha retribución.

B) **Coordinadores/as de Curso:** serán nomeados/as pola Comisión de Implantación da FCETOU, a proposta de cada Coordinador/a de Grao e de común acordo co Decanato da FCETOU. A duración do nomeamento como coordinador/a de curso é anual e serán elixidos entre o conxunto de profesores, preferentemente a tempo completo, da Facultade.

O desempeño das actividades de Coordinador/a de Curso suporá unha redución da carga docente segundo o establecido pola Vicerreitoría responsable do Plano de Organización Docente (POD)

C) **Coordinadores/as de Materia:** son nomeados polos respectivos Consellos de Departamento, preferentemente entre todos os profesores que imparten a

correspondente materia. Terá unha duración dun curso académico, podendo ser renovado.

O desempeño das actividades de Coordinador de Materia suporá unha redución da carga docente segundo o establecido polo Departamento responsable.

**D) Coordinadores/as do Plano de Acción Titorial:** serán nomeados por un período de tres anos con opción de re-elección por un segundo período da mesma duración, entre os profesores a tempo completo da FCETOU.

O desempeño das actividades de Coordinador/a do Plano de Acción Titorial suporá unha redución da carga docente segundo o establecido pola Vicerreitoría competente na materia.